



Concello de  
**OURENSE**

## **56/21.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16 DE DECEMBRO DE 2021**

Na cidade de Ourense, o dezaseis de decembro de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **Dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta, -non asistindo **don Telmo Manuel Ucha Álvarez e don Jorge Pumar Tesouro**- -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez e o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez- -non asiste a letrada municipal-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

### **APROBACIÓN ACTA**

**1.- Aprobáronse** por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), as actas das sesións ordinaria e, extraordinaria e urgente, da Xunta de Goberno Local de 9 e 15 de decembro de 2021, respectivamente.

### **AVOGACÍA CONSISTORIAL**

**2.- Dar conta da sentenza ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Ourense, no procedemento abreviado 10/2021 promovido a instancia de Allianz Cia de Seguros e José Ramón Garrido Grande. Expte 2021048088.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer** por non ser susceptible de recurso a sentenza 241/2021 ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Ourense, no procedemento abreviado 10/2021 interposto por Allianz Cia de Seguros e José Ramón Garrido Grande, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de abril de 2021, en materia de responsabilidade patrimonial interposta polos danos sufridos no seu vehículo por mor dunha focha sita na calzada da rúa Escultor Failde, por importe de 962,11 euros.

**2º.- Darlle traslado** da sentenza ao Servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**3.- Dar conta da sentenza ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Ourense, no procedemento abreviado 118/2021 promovido a instancia de Silvia Fernández Vázquez. Expte. 2021048089.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:



**1º.- Coñecer e non recorrer** por non ser susceptible de recurso a sentenza 208/2021 ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Ourense, no procedemento abreviado 118/2021 interposto por Silvia Fernández Vázquez, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de marzo de 2021, en materia de responsabilidade patrimonial interposta polas lesións e danos sufridos por mor dunha caída na rúa Avilés de Taramancos, por importe de 11.663,20 euros.

**2º.- Darlle traslado** da sentenza ao Servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**4.- Dar conta da sentenza ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Ourense, no procedemento abreviado 93/2021 promovido a instancia de Amparo Afonso Francisco. Expte. 2021048090.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer** por non ser susceptible de recurso a sentenza 204/2021 ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Ourense, no procedemento abreviado 93/2021 interposto por Amparo Afonso Francisco, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta en data 25/02/2019, polas lesións sufridas por mor dunha caída na rúa Alejandro Outeiriño, 9-11, por importe de 9.810,38 euros.

**2º.- Darlle traslado** da sentenza ao Servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**5.- Dar conta do Auto ditado polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Ourense, na Execución Definitiva 3/2018. Expte. 2021048091.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer** por non ser susceptible de recurso o Auto ditado polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Ourense, na Execución Definitiva 3/2018, que devén do PA 4/2017, promovido a instancia de CCPP Avda. Universidad 2-4 e Avda de Zamora 147, pola execución dunhas obras tendentes a acabar coas filtracións que sofren, ás que fomos condenados en sentenza e que continúan sen ser executadas.

**2º.- Darlle traslado** da sentenza ao Servizo de Infraestruturas para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**6.- Dar conta da sentenza ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Ourense, no procedemento abreviado 11/2021 promovido a instancia de Aser Gil Seijo e outros. Expte. 2021048092.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer** por non ser susceptible de recurso a sentenza 233/2021 ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Ourense, no procedemento abreviado 93/2021 interposto por Aser Gil Seijo e outros, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta en data 27/02/2020, polos danos sufridos no almacén e no garaxe do edificio sito na rúa Cervantes núm. 12 de Ourense, por mor das filtracións provenientes do solar colindante que era de titularidade municipal, por non facer as obras as que resultamos condenados en sentenzas varias dende o ano 2021, por importe de 20.535 euros.



**2º.- Darlle traslado** da sentenza ao Servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**7.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento ordinario 264/2021-B interposto por CRETO OURENSE PROMOCIONES INMOBILIARIAS. Expte. 2021048093.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento ordinario 264/2021-B interposto por CRETO OURENSE PROMOCIONES INMOBILIARIAS contra o Decreto da Concellería de Urbanismo, denegatorio da petición realizada por CRETO OURENSE PROMOCIONES INMOBILIARIAS da corrección do acordo da Xunta de Goberno Local de concesión de licenza de ocupación do edificio sito na rúa Progreso 105-107, no expediente de Licenzas 2016007208.

**8.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento ordinario 259/2021 interposto por PARTACUÑAS SL ANTES HOSTAL O MAGO SL. Expte 2021048095.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento ordinario 259/2021 interposto por PARTACUÑAS SL ANTES HOSTAL O MAGO SL contra a desestimación por silencio da petición realizada pola entidade actora e relativa a que se declare que o inmovible sito no Sobreiral núm. 21 de Untes- Ourense ten vixente a licenza para actividade hotelera e de restauración de conformidade coa licenza outorgada por Decreto 2310 de data 21/09/1970, segundo consta no expediente de Licenzas 2011003857, 2017013762 e relacionados.

**9.- Personamento do Concello diante do Xulgado de Instrución núm. 1 de Ourense para comparecer en calidade de perxudicado e aportar valoración dos danos, nas Dilixencias Previas núm. 1348/2021. Expte 2021048096.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Xulgado de Instrución núm. 1 de Ourense emprazou ao Concello para comparecer en calidade de perxudicado e aportar valoración dos danos, nas Dilixencias Previas núm. 1348/2021 que se seguen pola comisión dun delito furto con forza, e danos en bens de titularidade municipal, (semáforo e colector de lixo sitos na Avda. Santiago núm. 75) polos feitos ocorridos o 30 de setembro de 2021 e que constan no Atestado 8385/2021, e **acordar** o personamento.



**10.- Dar conta do Decreto ditado polo Xulgado de Primeira Instancia núm. 3 de Ourense en autos de procedemento verbal 1035/2021, seguidos a instancia do Concello en reclamación de cantidade. Expte. 2021048106.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Xulgado de Primeira Instancia núm. 3 de Ourense ditou Decreto de data 10 de novembro de 2021, polo cal acordase poñer fin as actuacións que se seguían baixo o número de Autos 1035/2021, a instancia do Concello de Ourense en reclamación de cantidade polos danos causados por Lucas Blanco co seu vehículo ao colisionar con bens de titularidade municipal, ao haber sido indemnizados pola Compañía Aseguradora do vehículo.

**11.- Sentenza núm. 240/21 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 15/2021, promovido por TRABENKA XESTIÓN URBANA S.L. Expte. Nº 2021048978.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non** recorrer a sentenza núm. 240/21 de 1 de decembro de 2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 15/2021.

**2º.-** No suposto de que se interpoñía recurso de apelación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

**3º.- Darlle traslado** da Sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria o seu coñecemento e efectos oportunos.

**12.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 22/2021, promovido por D. Ignacio Inajara Bobo. Expte. nº 2021048985.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer** a sentenza de 1 de decembro de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no recurso procedemento abreviado núm. 22/2021.

**2º.- Darlle traslado** da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**13.- Sentenza núm. 213/21 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 59/2021, promovido por D. Edmundo Cid González. Expte. Nº 2021048987.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer** a sentenza núm. 213/21 de 1 de decembro de 2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 59/2021.



**2º.- Darlle** traslado da sentenza á Concellería de Urbanismo, Sección Licenzas para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**14.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 62/2021, promovido por D<sup>a</sup> Rosario Blanco Arce. Expte. N<sup>o</sup> 2021048990.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer** a sentenza de 2 de decembro de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no recurso procedemento abreviado núm. 62/2021.

**2º.- Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**15.- Sentenza núm. 238/21 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 153/2020, promovido por D. Gilberto Rodríguez Rodríguez. Expte. n<sup>o</sup> 2021048994.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer** a sentenza núm. 238/21 de 1 de decembro de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 153/2020.

**2º.- Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**16.- Sentenza núm. 214/21 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 313/2017, promovido por D<sup>a</sup> Orlanda María Varela González. Expte. N<sup>o</sup> 2021048996.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer** a sentenza núm. 214/21 de 7 de decembro de 2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 313/2017.

**2º.- Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**17.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Ordinario núm. 56/2020, promovido por D. Florentino Varandela Blanco. Expte. n<sup>o</sup> 2021048998.**



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer** a sentenza de 25 de novembro de 2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento ordinario núm. 56/2019.

**2º.-** No suposto de que se interpoña recurso de apelación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

**3º.- Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**18.- Sentenza núm. 210/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Ordinario núm. 280/2020, promovido por D. Carlos Alberto Gómez Otero. Expte. nº 2021049000.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer** a sentenza núm. 210/21 de 26 de novembro de 2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento ordinario núm. 280/2020.

**2º.-** No suposto de que se interpoña recurso de apelación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

**3º.- Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA**

**LICENZAS**

**19.- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Gutiérrez González e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de las Mercedes Gutiérrez González, proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita Aldea O Pereiro-Palmes. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021018090.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**Primeiro.- Conceder** a dona M<sup>a</sup> Teresa Gutiérrez González e a dona M<sup>a</sup> das Mercedes Gutiérrez González, licenza urbanística de obra para a rehabilitación de vivenda unifamiliar situada en Aldea O Pereiro, Palmés, segundo o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos don Alberto Outeiriño Fernández e don Alberto de Paula Prieto quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección de execución material a arquitecta técnica dona Ana Belén Trigo González, e cun orzamento de execución material de 79.006,76 euros.

**Segundo.- Requirit** ás solicitantes para que unha vez rematadas as obras acheguen certificado final de obra asinado por técnicos competentes no que conste que as obras están completamente rematadas e axústanse á licenza outorgada, comunicándose ademais a data a partir da cal se poderá virar a preceptiva visita de comprobación.





O presente acordo tómase en base aos informes técnicos do arquitecto municipal de data 20 de outubro de 2021; da resolución de data 2 de decembro de 2021 adoptada pola Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e do informe xurídico-proposta de data 13 de decembro de 2021, que forman parte deste acordo para os efectos de motivación, e que se trasladarán aos interesados.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

#### **Condicións xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valla a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, a valla colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre



un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse a valla sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan vallas de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002, de 5 de decembro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar ca preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**20.- D. José Luis López Penela, legalización e remate de alpendre sito en Lg. Sartédigos, núm. 4. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2020034721.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** a don José Luis López Penela, licenza urbanística de obra para a legalización e remate de alpendre situado en Lugar Sartédigos, nº 4, segundo o expediente de legalización e proxecto de execución de remate de obras redactado polo arquitecto don Juan Feijoo Pérez quen asume a dirección facultativa da obra, e cun orzamento de execución material de 12.505,32 euros.

**2.- Requerir** ao solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra asinado por técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axústanse á licenza outorgada, comunicándose ademais a data a partir da cal se poderá virar a preceptiva visita de comprobación.

O presente acordo tómase en base ao informe técnico da arquitecta municipal de data 3 de agosto de 2021; da resolución de data 25 de outubro de 2021 adoptada pola Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e do informe xurídico-proposta de data 14 de decembro de 2021, que forman parte deste acordo para os efectos de motivación, e que se trasladarán aos interesados.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

**Condicións xerais:**







1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valla a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, a valla colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse a valla sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan vallas de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.
- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002, de 5 de decembro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar ca preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.



**21.- Darse por enterada** da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data.

Dáse conta expresamente do seguinte Decreto de Alcaldía:

- Decreto núm. 2021009073 de data 10 de decembro, de delegación temporal de funcións na concelleira dona Ana María Fernández Morenza.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión as oito horas e corenta e cinco minutos (8h:45'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

